



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA  
Aumento potencial zonas de producción acuícola (Art.26)  
Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

## **BASES QUE REXIRAN O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA TÉCNICO/A SUPERIOR DE APOIO AO PROXECTO "APOIO Á XESTIÓN PESQUEIRA E DA ACUICULTURA, E A PLANIFICACIÓN DO LITORAL NO MARCO DOS PLANS DE ORDENACIÓN MARÍTIMO ESPACIAL (POEM)"**

**Acordo do 17 de febreiro da Directora Xerente de CETMAR, polo que se resolve a cobertura dun posto de traballo con carácter temporal e se aproban as bases de selección.**

De conformidade coa normativa de aplicación ás entidades participadas maioritariamente pola Xunta de Galicia, a Directora Xerente, ao amparo das atribucións que lle concede o artigo 29 dos Estatutos da Fundación, fai pública a convocatoria de selección de persoal, de conformidade coas seguintes BASES:

A cobertura desta praza conta co informe positivo conxunto das Direccións Xerais de Planificación e Orzamentos e de Función Pública da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 14 de xaneiro de 2025.

### **Características da contratación:**

Número de prazas: 1

Categoría: Titulado/a superior ou Grao + máster

Salario Bruto Anual xornada completa: 28.077,28€

Tipo de contrato: contrato temporal e duración máxima estimada de 19 meses ou ata a finalización do proxecto o 30 de novembro de 2026

Tipo de xornada: 100% da xornada.

Sistema de selección: concurso

Ubicación: sede de CETMAR en Vigo.

1

### **1 OBXECTIVO DO PROCESO**

O proceso selectivo ten por obxecto a contratación temporal de un técnico superior de actividades científico-técnicas para o proxecto **""APOIO Á XESTIÓN PESQUEIRA E DA ACUICULTURA, E A PLANIFICACIÓN DO LITORAL NO MARCO DOS PLANS DE ORDENACIÓN MARÍTIMO ESPACIAL (POEM)""** cofinanciado con Fondos Europeos Marítimo e da Pesca e Acuicultura (FEMPA). A persoa contratada prestará apoio ás tarefas técnicas e administrativas do proxecto.

- Apoyo na revisión e elaboración de documentación relevante para os procesos de planificación marítimo costeira nos que participe a administración autonómica que así o requiran
- Recompilación e análise da información socioeconómica, biolóxica ou ambiental disponible relativa a actividade pesqueira, acuícola e marisqueira
- Apoyo no estudo sobre a idoneidade de zonas do litoral galego non situado nas rías nas que se poidan desenvolver actividades acuícolas
- Apoyo na recompilación e análise da información para a elaboración da cartografía da acuicultura mariña e continental en Galicia
- Apoyo na organización de obradoiros de traballo con diferentes axentes (industria, investigación, administración, etc.) que estean relacionados cos sectores da acuicultura, marisqueo e pesca



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA  
Aumento potencial zonas de producción acuícola (Art.26)  
Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

## 2 ASPECTOS XERAIS

### 2.1 LUGAR DE INFORMACIÓN E RECOLLIDA DE SOLICITUDES

Durante todo o proceso de selección, a información e recollida das solicitudes e instrucións correspondentes será facilitada no seguinte enderezo:

- Centro Tecnológico do Mar-Fundación CETMAR- R/ Eduardo Cabello, s/n, Bouzas, Vigo.
- Horario: de 9 a 14 horas (de luns a venres)
- Teléfono: 986 247 047.

Este enderezo será tamén o de entrega da documentación de solicitude cando se faga de maneira presencial.

A información do proceso estará tamén disponible na web de CETMAR: <https://cetmar.org/ofertas-de-traballo/> ou a través do correo [rrhh@cetmar.org](mailto:rrhh@cetmar.org), sendo este o único enderezo electrónico a través do cal se recibirán as solicitudes, comunicacións, correccións e subsanacións das persoas candidatas ao tribunal de selección.

### 2.2 COMISIÓN DE SELECCIÓN

Con motivo da selección constituirase unha comisión de selección, nomeada por resolución da Directora da Fundación. A súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, no artigo 11 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e no artigo 48 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As persoas que formen parte do tribunal deberán abstirse de intervir cando concorran nelas algúnsa das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, nas Instruccións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007, e no acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010.

Para a válida constitución da comisión de selección, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do Presidente e Secretario, ou, no seu caso de quen os substitúan, e a metade cando menos dos seus membros.

Os acordos tomaranse por maioría simple e en caso de empate o voto do Presidente decidirá o desempate.

En ningún caso a comisión poderá declarar que superaron o proceso de selección un número superior de aspirantes que o de postos convocados.

### 2.3 DOCUMENTACIÓN E RECLAMACIONES

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeron constar na súa solicitude. O domicilio que figura na solicitude considérase o único válido a efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do concursante, tanto os erros na súa consignación como a non comunicación de cambios de domicilio.

Os erros de feito que se advertisen en calquera das fases poderán corrixirse en calquera momento de oficio ou por petición do interesado.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA  
Aumento potencial zonas de producción acuícola (Art.26)  
Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

Todas as reclamacións que se realicen durante o proceso de selección poderán enviarse por correo certificado á Comisión de selección, por correo electrónico a [rrhh@cetmar.org](mailto:rrhh@cetmar.org) coa reclamación asinada dixitalmente (mediante firma dixital con certificado), ou ben rexistrarse nas oficinas da Fundación. Os prazos de presentación de reclamacións serán de 3 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación dos listados. As reclamacións que se presenten deberán reflectir o nome e apelidos do reclamante, enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico e motivo da reclamación. As alegacións serán resoltas pola Comisión de selección e publicarase un listado complementario do primeiro.

### 3 ETAPAS DO PROCESO SELECTIVO

#### 3.1 REQUISITOS DE ADMISIÓN:

Para poder presentarse ao proceso de selección, será obrigatorio o cumprimento dos seguintes requisitos no prazo de presentación de solicitudes.

##### 3.1.1 Requisitos xerais:

- Ter cumplido 16 años de idade.
- Ser nacional de algún dos estados membros da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuge dos españoles, dos nacionais de algún dos estados membros da Unión Europea, cando así o prevea o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como aos seus descendentes e aos do seu cónxuge, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan as súas expensas.
- Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España en igualdade de condicións que os españoles.
- Estar en posesión da titulación requerida para poder optar á categoría. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- De acordo coa xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza das Comunidades Europeas (Sentenza do 23/10/08) o requisito da homologación non será aplicable aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito Comunitario (Directiva 89/48/CEE, Directiva 2005/36/CE e RD 1837/2008).
- Posuir capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso a corpos ou escala ou especialidade a cuxas probas selectivas se presenten. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

3

Ao presentarse a este proceso, asúmese que as persoas que presentan a súa candidatura coñecen e aceptan as bases da convocatoria.

##### 3.1.2 Requisitos específicos:

Son os que figuran nos Anexos





Cofinanciado por  
la Unión Europea



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA  
Aumento potencial zonas de producción acuícola (Art.26)  
Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

### 3.2 PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de **presentación de solicitudes será de 15 días hábiles** desde o seguinte ao da publicación da oferta de emprego no Diario Oficial de Galicia.

Farase pública esta oferta tamén no taboleiro de anuncios de CETMAR e na web:

<https://cetmar.org/ofertas-de-traballo/> So se admitirán aquelas solicitudes entregadas en prazo, sendo excluídas todas aquellas que non cumpran este requisito.

As solicitudes deberán presentarse segundo modelo de instancia adxunto no Anexo II, na dirección e horarios citados no punto 2.1 da presente convocatoria no caso de realizarse de xeito presencial, ou ben por calquera dos outros medios seguintes:

- Correo postal certificado, figurando na solicitud o selo coa data de envío posto na oficina de correos ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Correo electrónico no endereço rrhh@cetmar.org. Toda a documentación enviada por este medio deberá estar asinada electrónicamente en todas as súa follas (DNI-e ou certificado electrónico) polos/as aspirantes.

**Importante: os ficheiros enviaranse nun único envío que NON poden exceder dun máximo de 15 MB de capacidade. NON serán aceptadas as ligazóns a ficheiros externos nin correos electrónicos adicionais.**

Requírese que aqueles solicitantes que rexinistren as súas candidaturas por correo certificado, comuniquen o rexistro e envío de documentación, dirixindo un correo electrónico a [rrhh@cetmar.org](mailto:rrhh@cetmar.org) e achegando como anexo o xustificante do envío.

A **acreditación de toda a documentación**, Anexo II e do resto de titulacións e méritos deberá realizarse mediante copias compulsadas ou fotocopias simples asinadas electrónicamente e todas as súas follas (DNI-e ou certificado electrónico) polos/as aspirantes permitindo comprobar a validez da mesma en calquera momento posterior do proceso.

En calquera fase do proceso selectivo poderase pedir á persoa candidata os orixinais ou photocopies compulsadas da documentación presentada para o acceso ao proceso e para a valoración de méritos. En calquera caso, será **obrigatoria** a presentación dos orixinais antes da formalización do contrato para quen superase o proceso selectivo.

Todos os méritos que as persoas presenten para a súa valoración, enténdense referidos ao día de publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia, e deberán acreditarse nos prazos e de conformidade co procedemento que se estableza.

Non se permitirá a presentación de documentación complementaria con posterioridade á data fin de presentación de solicitudes.

Non se terán en conta os méritos que non se presenten e acrediten conforme ao establecido neste procedemento.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA  
Aumento potencial zonas de producción acuícola (Art.26)  
Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

### 3.3 LISTADO DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO DE SELECCIÓN

Publicarase o listado provisional de solicitantes admitidos e excluídos do proceso de selección, especificando a causa de exclusión para os afectados. Os listados provisionais publicaranse no lugar indicado no punto 2.1 da presente convocatoria.

Contra este acordo **poderá presentarse reclamación ante a comisión no prazo de 3 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

Unha vez finalizado o período de reclamacións, publicaranse os listados definitivos.

### 3.4 PROCESO SELECTIVO

O proceso selectivo revestirá a modalidade de concurso que se complementará cunha entrevista persoal. A selección será realizada pola Comisión de Selección entre as persoas candidatas que reúnan os requisitos xerais e específicos esixidos.

Todas persoas candidatas que acudan á realización das probas presenciais do proceso selectivo deberán levar o orixinal do DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar algún destes documentos non poderán facer as probas.

Todas as persoas convocadas á realización das probas que non se presenten, quedarán inescusablemente rexeitadas do proceso de selección.

#### 3.4.1. Coñecemento de galego

O coñecemento da lingua galega con nivel **CELGA 4** é de acreditación obligatoria. Para iso, en caso de non estar acreditado, celebrarase unha proba específica previamente ao inicio das probas do proceso de selección. Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO e será necesaria a cualificación de APTO para poder continuar no proceso selectivo.

A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de trinta (30) preguntas tipo test, con catro (4) respuestas alternativas das cales só unha (1) delas será a correcta, mediante o cal se evidencie o coñecemento da lingua galega. Correspondrá á comisión de selección determinar o número de respuestas correctas esixido para acadar o resultado de apto, que será ao menos da metade do total.

Ao remate da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respuestas.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que se atopen en posesión do Celga 4. Dito título debe aportarse coa solicitude de inscrición no proceso selectivo.

Duración total da proba escrita en galego: 30 minutos.

**A nota máxima posible na totalidade do proceso é de 30 puntos.**





Cofinanciado por  
la Unión Europea



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA  
Aumento potencial zonas de producción acuícola (Art.26)  
Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

### 3.4.2. Primeira fase do proceso selectivo.

**Valorarase o curriculum vitae** de cada candidato nos termos e ponderación que se contemplan no Anexo III.

Unha vez finalizadas a primeira fase do proceso selectivo, a Comisión de Selección fará público, no lugar indicado no punto 2.1 da presente convocatoria, as puntuacións alcanzadas polos aspirantes nesta fase, ante o cal se **poderá presentar reclamación ante a Comisión no prazo de tres días hábiles** contados a partir do seguinte ao da súa exposición. Pasado o prazo de reclamacións contra as puntuacións, estas entenderanse estimadas ou desestimadas coa publicación das listaxes definitivas, no que se indicará o lugar e día de celebración da segunda fase do proceso selectivo: a entrevista persoal.

A puntuación máxima posible desta fase do proceso selectivo é de **27 puntos**.

### 3.4.3 Segunda fase do proceso selectivo:

#### **Realización de entrevista persoal.**

A Comisión de selección realizará unha **entrevista persoal ás cinco persoas que acaden a máxima puntuación na valoración do seu CV**. En caso de producirse empates de puntuación, este número poderá incrementarse de xeito que non se produzan discriminacións entre as persoas que acaden a mesma puntuación

A Comisión de Selección fará público, no lugar indicado no punto 2.1 da presente convocatoria o lugar e día de realización da entrevista, que terá unha duración máxima de 20 minutos. A puntuación máxima posible desta fase do proceso selectivo é de **3 puntos**.

Nesta fase valoraranse as cuestións relativas a experiencia profesional do candidato, así como as súas aptitudes persoais para o bo desempeño da praza. A entrevista valorarase de acordo co expresado no Anexo III.

Os convocados a esta fase deberán presentarse no lugar indicado co orixinal do DNI, permiso de conducir ou, no seu defecto, pasaporte.


**Non presentarse a algunha das fases, leva consigo a EXCLUSIÓN do proceso selectivo**

### 3.5 PUBLICACIÓN DOS LISTADOS FINAIS

Unha vez realizadas todas as fases, exporanse ao público na dirección indicada no punto 2.1 da presente convocatoria, **a listaxe final**, que comprenderá as puntuacións dos aspirantes en todas as fases do proceso selectivo, así como a **puntuación total** que corresponda. Poderase presentar reclamación ante a Comisión no **prazo de tres días hábiles** contados a partir do seguinte ao da súa exposición.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas no seu caso, as oportunas correccións, a comisión publicará, o acordo que conteña a relación das persoas aspirantes, coa puntuación total definitiva alcanzada por cada unha delas, con mención expresa do que obteña a praza.

No caso de empate, dirimirase a favor da persoa aspirante do xénero infrarrepresentado na categoría á que opta. De persistir o empate, dirimirase por orde alfabética, iniciándose pola letra establecida na resolución do 20 de xaneiro de 2017 pola que se fai público o resultado ó que se refire o Regulamento de Selección de Persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº20, do 30 de xaneiro).





Cofinanciado por  
la Unión Europea



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA  
Aumento potencial zonas de producción acuícola (Art.26)  
Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

### 3.6 LISTAS DE AGARDA

No caso de concorrer unha renuncia, baixa temporal ou outra circunstancia do traballador/a seleccionado/a e fose necesario unha cobertura temporal da praza ofertada, **xerarase unha lista de agarda exclusiva para esta praza** á que terán acceso as persoas candidatas que completasen as dúas fases do proceso selectivo.

Os chamamentos para a cobertura faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción, seguindo a orde da puntuación alcanzada.

As persoas integrantes da lista de agarda non perderán a orde de prelación que lles corresponda nesta ata que se xere o dereito á prestación de desemprego, de tal maneira que se a contratación ofertada ten unha duración inferior, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

Rematada a contratación o/a interesada/o pasará a ocupar o último lugar na lista durante catro meses se xerou o dereito á prestación de desemprego. Finalizado o devandito período volverá automaticamente ao lugar da lista que, de acordo coa súa puntuación, lle corresponda.

Os integrantes da lista que, sendo convocados para facer efectiva a contratación non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista.

A xestión da lista e chamamento dos aspirantes contará co coñecemento do Comité de Empresa do CETMAR.

Vigo, a 17 de febreiro de 2025  
Rosa Chapela Pérez

  
CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR  
FUNDACIÓN CETMAR  
Ctra. G-36 2885 853  
Eduardo Cabello, s/n  
35710 VIGO  
Directora Xerente do Centro Tecnológico del Mar- Fundación CETMAR





Cofinanciado por  
la Unión Europea



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA  
Aumento potencial zonas de producción acuícola (Art.26)  
Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

#### ANEXO I

#### CATEGORÍA PROFESIONAL, ÁREA DE TRABALLO E PRAZAS OFERTADAS CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR-FUNDACIÓN CETMAR.

#### CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DUN/HÁ TÉCNICO/A SUPERIOR DE ACTIVIDADES CIENTÍFICO-TÉCNICAS PARA O PROXECTO "APOIO Á XESTIÓN PESQUEIRA E DA ACUICULTURA, E A PLANIFICACIÓN DO LITORAL NO MARCO DOS PLANS DE ORDENACIÓN MARÍTIMO ESPACIAL (POEM)" COFINANCIADO CON FONDOS FEMPA

Categoría	Posto	Proxecto	Titulación requerida	Nº Prazas
Titulado Superior (M3)	Técnico Superior de proxecto	APOIO Á XESTIÓN PESQUEIRA E DA ACUICULTURA, E A PLANIFICACIÓN DO LITORAL NO MARCO DOS PLANS DE ORDENACIÓN MARÍTIMO ESPACIAL (POEM)	Lic/ Grao más Máster: <ul style="list-style-type: none"><li>• Ciencias. do Mar</li><li>• Bioloxía</li><li>• CC. Ambientais</li><li>• Física</li><li>• Química</li><li>• Xeoloxía</li><li>• Xeografía</li><li>• Veterinaria</li></ul>	1

#### Outros requisitos

- Carné de conducir clase B. Dispoñibilidade para conducir.
- Dispoñibilidade para viaxar e embarcar.





Cofinanciado por  
la Unión Europea



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA  
Aumento potencial zonas de producción acuícola (Art.26)  
Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

## ANEXO II

### MODELO DE SOLICITUDE

#### SOLICITUDE DE ADMISIÓN Á CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA TÉCNICO/A SUPERIOR PARA O PROXECTO "APOIO Á XESTIÓN PESQUEIRA E DA ACUICULTURA, E A PLANIFICACIÓN DO LITORAL NO MARCO DOS PLANS DE ORDENACIÓN MARÍTIMO ESPACIAL (POEM)" COFINANCIADO CON FONDOS FEMPA

PRIMEIRO APELIDO.....
SEGUNDO APELIDO.....
NOME.....
DNI.....
DATA DE NACEMENTO: DÍA.....MES.....ANO.....
LOCALIDADE NACEMENTO.....
PROVINCIA.....TELÉFONO.....
DIRECCIÓN.....
CONCELLO.....CÓDIGO POSTAL.....
PROVINCIA.....
CORREO ELECTRÓNICO.....
TITULACIÓN ACADÉMICA.....
CENTRO DE EXPEDICIÓN.....
LOCALIDADE.....
ANO DE EXPEDICIÓN DO TÍTULO.....

9

Sinatura:

En.....a.....de.....de 2025



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA  
Aumento potencial zonas de producción acuícola (Art.26)  
Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

## ANEXO II (CONTINUACIÓN)

**Conforme co establecido no novo Regulamento de Protección de datos, informámoslles que os datos facilitados no presente documento pasarán a formar parte dun ficheiro, con Datos Persoais responsabilidade de CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR - FUNDACIÓN CETMAR, con domicilio social: C/ EDUARDO CABELLO, S/N - 36208 BOUZAS - VIGO (PONTEVEDRA). A finalidade deste ficheiro é a xestión dos currículo por posibles incorporacións de persoal. Do mesmo xeito, informámoslles que Vde. poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición, dirixíndose por escrito a CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR-FUNDACIÓN CETMAR, á dirección arriba indicada.**

## INSTRUCCIÓN XERAIS E DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

- Impreso de solicitude firmado (obrigatorio).
- Copia compulsada do D.N.I. (obrigatorio).
- Copia simple ou compulsada do carné de conducir.
- Copia compulsada da titulación académica do Anexo I (obrigatorio).
- Copia compulsada de Galego ou CELGA 4 (obrigatorio se se posúa. Se non se posúa, o candidato terá que realizar proba conforme se indica no punto 3.4.1.).
- CV (obrigatorio en formato Europass).
- Documentación xustificativa dos méritos contemplados no ANEXO III.
- Orixinal do Certificado de penais. (obrigatorio só para o candidato seleccionado).
- Orixinal da Vida laboral. (obrigatorio se se posúa experiencia laboral previa).
- Certificado médico de compatibilidade. (obrigatorio só para o candidato seleccionado).

Asegúrese de que os datos resultan claramente lexisbles.

10

**En calquera caso, será obligatoria a presentación dos orixinais antes da formalización do contrato para quien superase o proceso selectivo.**

- Evite realizar correccións, emendas ou borróns.
- A experiencia profesional acreditarase mediante certificados de vida laboral, contratos ou certificados de empresa onde consten as funcións desenvolvidas.
- A acreditación inicial de toda a documentación sobre o Anexo III e do resto de titulacións e méritos poderá realizarse nun primeiro momento mediante a presentación de fotocopia simple. Para o resto de méritos haberá de ter a expresión do número de horas acreditadas na acción formativa. No caso de que as horas no veñan reflectidas nos certificados considerarase unha duración inferior a 20 horas. En calquera fase do proceso selectivo poderase pedir ao candidato os orixinais ou photocopies compulsadas dos devanditos títulos.
- No caso de que non se entreguen photocopies compulsadas cando sexan de carácter obligatorio, CETMAR cotexará ditos documentos a efectos da presente convocatoria, sempre que veñan acompañados do documento soporte orixinal, no momento da presentación da candidatura
- No caso do envío por correo electrónico ao enderezo rrhh@cetmar.org. Toda a documentación enviada por este medio deberá estar asinada electronicamente en todas as súa follas (DNI-e ou certificado electrónico) polos/as aspirantes.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA  
Aumento potencial zonas de producción acuícola (Art.26)  
Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

## ANEXO III

### III.1. CURRICULUM VITAE.

Será necesario remitir C.V. en formato Europass. Para a correcta correlación entre o C.V. en formato Europass do candidato e os títulos, certificados ou méritos soporte do mesmo, o candidato deberá engadir un índice numerado cos méritos que describa no seu C.V., así como a documentación soporte para identificala claramente.

A puntuación máxima do *currículum vitae* será de **27 puntos**, aplicando o seguinte BAREMO

#### III.1.1 Experiencia profesional acreditada

- Por cada mes completo de servizos prestados en actividades profesionais relacionadas con alguma das seguintes áreas: xestión do medio e dos recursos mariños (pesca, acuicultura e marisqueo), planificación de usos do espazo marítimo, xestión medioambiental, análise, explotación e visualización de datos mariños, cartografado, desenvolvemento de solucións e proxectos dixitais e aplicacións SIX para a xestión de recursos mariños: 0,20.
- A experiencia profesional acreditarase mediante certificados de vida laboral, contratos ou certificados de empresa onde consten as funcións desenvolvidas.

A puntuación máxima do apartado 1.1 será **de 10 puntos**.

#### III.1.2. Formación e outros méritos

1. Doutorado en temáticas relacionadas coas descritas no apartado 1: 3 puntos (máximo 3 puntos puntos por tese (**máximo de 3 puntos neste apartado**)
2. Master universitario relacionado coas áreas mencionadas no apartado anterior (non se puntuará o master requerido no caso dos candidatos con grado, que se considera requisito obligatorio): 2 puntos (**máximo de 2 puntos neste apartado**).
3. Cursos de especialización de máis de 150 horas, relacionados coas áreas mencionadas no apartado anterior: 1 punto por curso (**máximo de 2 puntos neste apartado**).
4. Outros cursos de máis de 20 horas relacionados coas áreas mencionadas no apartado anterior: 0,2 puntos por curso (**máximo de 1 puntos neste apartado**).
5. Artigos relacionados coas áreas mencionadas no apartado anterior en revistas científicas: como primeiro autor 0,5 puntos por artigo e como co-autor 0,2 puntos por artigo (**máximo de 3 punto neste apartado**).
6. Traballos de desenvolvemento de aplicacións XIS ou solucións dixitais aplicadas ao medio e/ou os recursos mariños. 1 punto por producto (**máximo de 3 puntos neste apartado**).
7. Outros méritos relacionados co perfil da praza (**ata un máximo de 1 puntos neste apartado**):
  - 7.1. Organización de congresos, eventos, reunións técnicas, seminarios online: 0,2 puntos por actividade
  - 7.2. Premios e becas: 0,1 puntos por actividade
  - 7.3. Comunicacións a congresos, libros ou capítulos de libro en editoriais recoñecidas no ámbito propio da praza: 0,2 puntos





Cofinanciado por  
la Unión Europea



Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA  
Aumento potencial zonas de producción acuícola (Art.26)  
Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

## 8. Idiomas

- a) Nivel de inglés acreditado. So se puntuará a partir de B2 (1 puntos), C1 o superior (2 puntos). Ata un máximo de **2 puntos**.
- Nivel alto (C1: Usuario competente: Certificate in Advanced English (CAE): 2 puntos.
  - Nivel medio: (B2: Usuario autónomo: First Certificate in English (FCE): 1 puntos.

O nivel de inglés deberá ser acreditado mediante título oficial recoñecido (Cambridge (ESOL), Trinity College London (TESOL), ou similar), ou Escola Oficial de Idiomas axustándose á táboa de equivalencias con respecto ó Marco Europeo de Referencia.

- Será necesario remitir orixinal ou fotocopia dos títulos o certificados, con expresión do número de horas acreditadas na acción formativa.
- Será necesario documentación acreditativa, orixinais ou photocopies das publicacións ou actas, ou índice dos libros.

A puntuación máxima conxunta do apartado 1.2 será **de 17 puntos**.

## III.2. ENTREVISTA PERSONAL

Realizarase unha entrevista persoal abordando aspectos relacionados co C.V. dos entrevistados/as e a temática da praza. A duración máxima da entrevista será de 20 minutos.

Nesta fase do proceso selectivo valoraranse as cuestións relativas á experiencia profesional do candidato, a súa experiencia e coñecemento sobre o sector pesqueiro, acuícola e marisqueiro e sobre os planes e procesos de ordenación dos usos do espazo marítimo así como as súas aptitudes persoais para o bo desempeño da praza.

A puntuación máxima da entrevista será de **3 puntos**.

A CONTINUACIÓN RESÚMENSE AS TAREFAS A DESENVOLVER NO POSTO DE TRABALLO :

- Apoyo na **execución técnica do proxecto**:
  - Apoyo na revisión e elaboración de documentación relevante para os procesos de planificación marítimo costeira nos que participe a administración autonómica que así o requiran .
  - Recompilación e análise da información socioeconómica, biolóxica ou ambiental disponible relativa a actividade pesqueira, acuícola e marisqueira.
  - Recompilación e análise de información para a elaboración da cartografía da acuicultura mariña e continental en Galicia.
  - Apoyo na organización de obradoiros de traballo con diferentes axentes (industria, investigación, administración, etc.) que estean relacionados cos sectores da acuicultura, marisqueo e pesca.
  - Apoyo no estudo sobre a idoneidade de zonas do litoral galego nas que se poidan desenvolver actividades acuícolas
- Elaboración dos informes técnicos, económicos e de seguimiento no marco do servizo.
- Organización, asistencia e participación activa en reunións de traballo tanto internas como nas realizadas co sector, a consellería e grupos de investigación.